

BELA DURMINTE

[Ado Arrieta, 2016]

217

PASE ÚNICO EN NUMAX: 06.04.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Belle dormant (2016, 82')

Dirección: Ado Arrieta

Guión: Ado Arrieta

Elenco: Niels Schneider, Agathe Bonitzer, Mathieu Amalric, Serge Bozon, Ingrid Caven, Tatiana Verstraeten, Andy Gillet, Vladimir Consigny

Son: Alexandre Hecker

Vestuario: Sophie Lifshitz

Montaxe: Ado Arrieta

Dirección de arte: Erwan Le Floc'h

Fotografía: Thomas Favel

Música: Benjamin Esdraffo, Ronan Martin

Produtora: Paraíso Productions,

Pomme Hurlante Films (Francia)

Distribuidora: Capricci Cine

Formato de proxección: DCP 2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Vacanza permanente, 2006

Merlín, 1991

Kiki, 1989

Flammes, 1978

Les intrigues de Sylvia Couski, 1975

Le château de Pointilly, 1972

El crimen de la pirindola, 1965

[curtametraxe]

SINOPSE

No misterioso reino de Litoña, o mozo e atractivo príncipe Egon pasa as noites a tocar a batería. Durante o día, a súa obsesión é coarse no reino perdido de Kentz e despertar a Bela Durminte. Pero seu pai, o Rei, que non cre nos contos de fadas, oponse firmemente. Coa axuda da arqueóloga da Unesco, Maggie Jerkins, o príncipe tentará romper o feitiço

PREMIOS E FESTIVAIS

Rotterdam 2017 (sección oficial),

Belfort 2016 (sección oficial),

Sevilla 2016 (sección oficial)

«A súa adaptación do conto de Perrault é máxica, encantadora e chea de xúbilo. Un digno descendente de Jean Cocteau e Jacques Démy»

Bruno Deruisseau, LES INROCKUPTIBLES

COA PRESENZA DO DIRECTOR



“Doulle moita importancia ao soño e ao pracer de durmir”

Entrevista con Ado Arrieta
Por Capricci Cine

Non é a primeira vez que adaptas un conto: *Los caballeros de la mesa redonda en Merlín* (1991), esta vez *La bella durmiente*. Que che interesa dos contos fantásticos? Hai uns anos relín os contos dos irmáns Grimm e de Charles Perrault. Contos que eu coñecía de pequeno e a maioría fascinábanme. En *Los caballeros de la mesa redonda* era a figura do demo que toma a forma dos outros personaxes o que me interesaba. A obra de teatro de Cocteau é moi longa, dura tres horas ou así, pero da parte do *démon* pódese facer un filme. De todos os xeitos, o conto que máis influíu en min foi *La bella durmiente*. Non sei por que é o que máis me atrae, cando era pequeno fascinábame moitísimo. E cando o volvíu ler de maior, a maxia apareceu de novo.

Recuperas tamén a túa predilección polas fadas... Eu creo nas fadas, crin sempre, desde que era pequeno. Os meus filmes sempre son un pouco máxicos. A miña primeira fada aparece en *Las intrigas de Sylvia Couski* (1975), o meu primeiro filme en cor. Os meus filmes en branco e negro asócios cos anxos. En *Bela durmiente* encontramos seis fadas. En *Flammes* (1978)

non vemos ningunha pero, ao remate do filme, Bárbara, a protagonista, afirma: «isto é como un conto de fadas». En realidade penso que *Bela durmiente* bebe moito de *Le château de Pointilly* (1972): a moza soña durante todo o filme e ao final o rapaz espértaa. Ao despertar, o encantamento desaparece. Ao contrario que en *Bela durmiente*.

Sempre admiraches a Cocteau. Volviches ver *La bella y la bestia* (1946) para preparar o filme? Si! Cocteau, os surrealistas e a poesía en xeral. A referencia a *La bella y la bestia* é inevitábel. Quizais non ao principio, pero é un conto de fadas magnífico. Tamén lle dou moita importancia ao soño, ao pracer de durmir... Os filmes primitivos en branco e negro son máis próximos ao soño que o cinema en cor. En realidade, case sempre soño en branco e negro.

Brigadoon de Vincente Minnelli foi outra das túas inspiracións para *Bela durmiente*? Probabelmente. Encántame ese filme, vino moitas veces. Aparece a idea da distorsión do tempo como en *Bela durmiente*. Cada noite dura cen anos. O país de Brigadoon existe noutra época, como o país da *Bela durmiente*. A principal diferenza encontrámola ao remate do filme: a bela durmiente espera nun tempo terrestre e en *Brigadoon* o personaxe de Gene Kelly, totalmente namorado, foxe a outra época.

Marguerite Duras dicía de *Pointilly* que o filme se sostén porque o texto di exactamente o mesmo cá imaxe. Isto tamén pasa en *Bela durmiente* verdade?

Creo que Marguerite dicía que a imaxe de *Pointilly* ten o mesmo significado que o texto, non que se corresponda forzosamente. En *Bela durmiente* os personaxes non din senón que anuncian o que van facer e fano. Buscaba esta simplicidade, parecíame moi fermosa. Para conseguila, o *découpage* das escenas era moi preciso, xa no guión. É un filme moi clásico se te fixas. A princesa chega á torre, sube as escaleiras, encontra unha chave, abre unha porta, detrás dela hai unha meiga mala que lle dá un fuso e pícase no dedo... O clasicismo do *découpage* correspóndese á perfección coa dimensión do conto.

Falaches, en ocasións, da beleza dos filmes silentes, diferenciándoos dos filmes mudos. Cando Egon chega a Litonia, querías facer unha homenaxe ao cinema silente? Algúns filmes non precisan son. *Una canción de amor* (Jean Genet, 1950) é un filme silencioso. Cando lle engaden un acompañamento musical sempre é un desastre. Poderíamos afirmar que o silencio é o son do filme. Na miña filmografía, hai silencios moi importantes. En *Bela durmiente*, cando Egon chega ao castelo, entra tamén no silencio. Só escoitamos o rumor dos seus pasos. O filme mergúllase no silencio. E o silencio invádeo todo. É un elemento musical da posta en escena. As sinfonías, as rapsodias, os concertos, as cancións... Todas as músicas están compostas de silencios e sons... e os silencios poden ser tan tanxíbeis como as respiracións.

Publicado en www.capriccicine.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Adolpho Arrieta. Obras-Works-Oeuvres. 1966-2008, Ado Arrieta. Intermedio [DVD]

Cuentos completos, Charles Perrault. Alianza, 2016

La dificultad de ser, Jean Cocteau. Siruela, 2006
Jean Cocteau, Pilar Pedraza. Shangrila, 2016

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

